

# PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

**CURSO 2021-22**

IES REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI

O presente documento recolle a programación do Departamento de Economía do IES República Oriental do Uruguai, correspondente ao curso académico 2021-22.

A devandita programación recolle:

- Programación da materia “**Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial**”. 4º ESO
- Programación da materia “**Economía**”. 4º ESO.
- Programación da materia “**Economía**”. 1º Bacharelato.
- Programación da materia “**Economía da Empresa**”. 2º Bacharelato.
- Programación da materia “**Fundamentos de Administración e Xestión**”. 2º Bacharelato

Imparten as materias as seguintes **profesoras**:

- Economía. 4º ESO: (1 grupo)  
**Tamara Cambra Otero**
- Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º ESO (1 grupo)  
**Tamara Cambra Otero**
- Economía. 1º Bacharelato (2 grupos)  
**Tamara Cambra Otero**
- Economía. 1º Bacharelato (1 grupo)  
**Mª Trinidad Santamaría Fernández**
- Economía da Empresa. 2º Bacharelato (2 grupos)  
**Mª Trinidad Santamaría Fernández**
- Fundamentos de Administración e Xestión. 2º Bacharelato (1 grupo)  
**Mª Trinidad Santamaría Fernández**

Vigo, setembro de 2021

A xefa do departamento  
Mª Trinidad Santamaría Fernández

PROGRAMACIÓN INICIACIÓN Á  
ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E  
EMPRESARIAL

4º ESO

|   |           |
|---|-----------|
| <b>INDICE</b>   | <b>1</b>  |
| <b>1. INTRODUCCIÓN</b>  | <b>2</b>  |
| <b>2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>  | <b>3</b>  |
| <b>3. OBXECTIVOS</b>  | <b>5</b>  |
| 3.1 Obxectivos xerais da etapa  | 5         |
| 3.2. Obxectivos para o curso  | 6         |
| <b>4. CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE</b>   | <b>8</b>  |
| 4.1 Temporalización   | 12        |
| 4.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia   | 12        |
| 4.3 Instrumentos de avaliación  | 12        |
| <b>5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA</b>   | <b>19</b> |
| <b>6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b>   | <b>20</b> |
| <b>7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO</b>  | <b>21</b> |
| 7.1 Procedementos de avaliación.  | 21        |
| 7.2 Sistema de cualificación.   | 21        |
| <b>8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE</b>  | <b>23</b> |
| <b>9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>   | <b>26</b> |
| <b>10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS</b>   | <b>27</b> |
| 10.1 Contribución ao fomento da lectura.  | 27        |
| 10.2 Contribución ao fomento do uso das TIC.  | 27        |
| 10.3 Programación da educación en valores.  | 28        |
| <b>11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>   | <b>28</b> |
| <b>12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA</b> | <b>28</b> |

## 1. INTRODUCCIÓN

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques:

1. "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a.
2. "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente
3. "Finanzas," analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicos que lle permitan alcanzar unha cultura económica; os alumnos e as alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu contorno.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial incidirase no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### • **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Desde a área contribúese ao desenvolvemento desta competencia aplicando o razoamento lóxico e a adquisición de diferentes elementos para o bo desempeño do alumnado nela, con accións como a planificación de gastos e ingresos, o cálculo de beneficios ou perdas, a elaboración dun plan de negocio e a análise da viabilidade, a confección dun plan de comercialización, etc., e todo iso a través da observación do contorno, da súa análise e da realización de diversas formulacións para un desenvolvemento sostible.

### • **Comunicación lingüística**

Importante para o desenvolvemento desta competencia é a adquisición de destrezas básicas como a lectura, a conversación e a escritura, para levar a cabo diferentes tarefas, consideradas desde a área de participación, en situacións de comunicación de grupo, expresión de ideas, elaboración dun plan de negocio, listaxe de tarefas para desenvolver a actividade do plan de empresa, xeración de diferentes documentos administrativos necesarios, comprensión de diferentes documentos...

As actitudes e os valores desta competencia veranse en diferentes tarefas, nas que se fomentará o respecto ás opinións dos demais e o desenvolvemento do espírito crítico.

### • **Competencia dixital**

Na actualidade, é necesario o uso das tecnoloxías da información e a comunicación para diferentes ámbitos das nosas vidas, como traballo, ocio, aprendizaxe, participación na sociedade, etc. É fundamental coñecer o uso de varias aplicacións informáticas, o acceso ás fontes e o procesamento da información... todo iso desenvolverase nas diferentes tarefas propostas, tanto individuais coma grupais, nas que se requira consultar páxinas webs para obter información ou xerar documentos relacionados co plan de empresa, así como tarefas de carácter administrativo, mediante a utilización de diferentes programas de xestión, na presentación-defensa de traballos a través da utilización de varios medios e formatos dixitais, e na publicitación do que queiramos transmitir. Por todo iso, formularanse tarefas nas que se necesite o uso dos recursos tecnolóxicos, desenvolvendo unha actitude activa, segura e crítica cara a estes.

### • **Conciencia e expresións culturais**

A expresión cultural é fundamental para o desenvolvemento de aptitudes creativas que poidamos trasladar a varios contextos profesionais. Desde a área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial podemos adestrar diferentes aspectos, como a apreciación da importancia da expresión creativa de ideas e experiencias a través de distintos medios.

### • **Competencias sociais e cívicas**

Esta competencia necesita do coñecemento e adestramento de diferentes habilidades para

elaborar ideas, ter en conta a opinión dos demais, tomar decisións, resolver conflitos, interactuar con outras persoas e grupos respectando unhas normas, interpretar fenómenos e problemas sociais... Os diferentes aspectos que se tratarán desde esta área, como a empresa e a responsabilidade social, o espírito emprendedor, a creatividade e a innovación, o papel do Estado e as administracións públicas nas empresas, o valor social do diñeiro, os intermediarios financeiros na sociedade, a análise dos impostos con respecto ao benestar social, os dereitos e deberes dos consumidores no mundo do negocio, etc., permitirán ao alumnado a obtención dos coñecementos e as habilidades necesarios para o desenvolvemento desta competencia.

### • ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

A área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial céntrase sobre todo no desenvolvemento desta competencia, a cal implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Desde esta área, desenvolveranse capacidades e habilidades no alumnado relacionadas coa autonomía persoal, o liderado e a creatividade, e habilidades empresariais como a planificación, a organización, a xestión e a toma de decisións, a participación, o liderado e a delegación, o pensamento crítico, o sentido da responsabilidade, o recoñecemento de fortalezas e debilidades dun mesmo e dun proxecto, a avaliación, a asunción de riscos, o plan de mercadotecnia, a xestión de recursos materiais e humanos, a xeración de ideas creativas, o recoñecemento de oportunidades de negocio, o deseño dun plan de negocio, a análise de viabilidade, etc.

### • ***Aprender a aprender***

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe do día a día do noso alumnado nos diferentes contextos nos que se encontre. Desde esta área adestramos aspectos como a capacidade para iniciar, organizar e persistir no proxecto empresarial, polo que esixe que o alumnado se motive para levar a cabo as diferentes accións, recoñeza as súas fortalezas e as aproveite, coñeza e controle os procesos levados a cabo, utilice diferentes estratexias para o coñecemento dos aspectos relacionados coa autonomía persoal, así como que coñeza os mecanismos de creación de empresas e as finanzas e desenvolva o seu pensamento crítico e creativo para o descubrimento de novas posibilidades. Todo iso co obxectivo de mellorar o noso contorno e avaliar se se alcanzan os obxectivos preestablecidos.

## 3. OBXECTIVOS

### 3.1 Obxectivos xerais da etapa

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.



k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

### **3.2. Obxeivos para o curso**

1. Identificar as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e empresarias e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.

2. Investigar con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional do contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas razoando os requirimentos para o desempeño profesional en cada un deles.

3. Deseñar un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do contorno coas calidades e aspiracións persoais valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.

4. Identificar as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras e persoas empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.

5. Distinguir os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais comprobándoos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.

6. Describir as bases do sistema da Seguridade Social, así como as obrigas de persoas traballadoras e persoas empresarias dentro deste, valorando a súa acción protectora ante as distintas contingencias cubertas e describindo as prestacións mediante buscas nas webs institucionais.

7. Identificar as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis relevantes no ámbito indicando os métodos de prevención legalmente establecidos así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.

8. Determinar a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as súas características e tomando parte na actividade que esta desenvolve.

9. Identificar as características internas e externas do proxecto de empresa así como os elementos que constitúen a rede desta: mercado, provedores, clientes, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, e outros.

10. Describir a relación do proxecto de empresa co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento identificando os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.

11. Transmitir información entre as distintas áreas e a clientes internos e externos do

proxecto de empresa recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación e aplicando o tratamento protocolario adecuado mediante medios telemáticos e presenciais.

12. Crear materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto de empresa incluíndo un plan de comunicación en internet e en redes sociais aplicando os principios da mercadotecnia.

13. Recompilar datos sobre os diferentes apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo coma do territorial, nacional ou europeo seleccionando as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.

14. Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas relacionándoo coas esixencias de capital e responsabilidades que son apropiadas para cada tipo.

15. Enumerar as administracións públicas que teñen relación coa posta en marcha de empresas recompilando por vía telemática os principais documentos que se derivan da posta en funcionamento.

16. Valorar as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas describindo os trámites que se deben realizar.

17. Determinar os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa distinguindo as principais partidas relacionadas nun balance de situación.

18. Caracterizar de forma básica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.

19. Presentar un estudo de viabilidade económico-financeira a medio prazo do proxecto de empresa aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas segundo un estudo do contorno mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo manexando ratios financeiras básicas.

20. Identificar as obrigas fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico de IAE, IVE, IRPF e IS indicando as principais diferenzas entre eles e valorando a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.

| Obxectivos   | Contidos   | Criterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe   | Competencias clave  |
|--|--|---|---|---|
|  | Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación   |   |   |   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> </ul>                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Autonomía e autoconecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.</li> <li>▪ Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul>                  |
|  |  |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>    |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> </ul>                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Deseña un proxecto de carreira profesional relacionando</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>                  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dereito do traballo.</li> <li>▪ Dereitos e deberes derivados da relación laboral.</li> <li>▪ Contrato de traballo e negociación colectiva.</li> <li>▪ Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.</li> <li>▪ Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.</li> <li>▪ Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>                  |
|  |  |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul> |

|  |   |   |   |  |
|--|---|---|---|--|
|  | empresa.  |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>                                |
|  |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>                              |
|  | Bloque 2. Proxecto de empresa   |   |   |  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea.</li> <li>▪ contorno e o papel social da empresa.</li> <li>▪ Elementos e estrutura da empresa.</li> <li>▪ Plan de empresa.</li> <li>▪ Planificación na empresa.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.</li> <li>▪ Identifica as características internas e externas da empresa no proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, Imacenaxe, etc.).</li> <li>▪ Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.</li> <li>▪ Elabora documentos para a planificación das</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul> |

|   |  |   |   |  |
|---|--|---|---|--|
|   |  |   | funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.  |  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo.</li> </ul>     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de <ul style="list-style-type: none"> <li>cliente</li> <li>cliente,</li> <li>provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.</li> </ul> </li> <li>▪ Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>                                 |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Actividades na empresa. Función de produción.</li> <li>▪ Función Comercial e de márketing.</li> <li>▪ Axudas e apoio á creación de empresas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo.</li> </ul>      | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul> <hr/> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul> |

|  |   |  |  |   |
|--|---|--|--|---|
|  |   |  | <p>márketing.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados, simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.</li> <li>▪ Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>                   |
|  | Bloque 3. Finanzas  |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>                                  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.</li> <li>▪ Elección da forma xurídica.</li> <li>▪ Trámites de posta en marcha dunha empresa.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/as e xestores/as, así como coas esixencias de capital.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.</li> <li>▪ Identifica e enumera administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.</li> <li>▪ Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.</li> <li>▪ Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>  |
|  |   |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>                                  |
|  |   |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul> |

## 4. CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

### 4.1 Temporalización

Por avaliacións

### 4.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia

Figuran para cada estándar de aprendizaxe e a súa consecución implica acadar o estándar.

### 4.3 Instrumentos de avaliación

*A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato establece que o profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación.*

Así mesmo, é necesario incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros nas actividades de tipo colaborativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe.

En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

Os instrumentos de avaliación que se aplicarán durante o curso 2019/20 nesta materia serán:

- Observación directa e sistemática do traballo (**OD**)
- Probas orais e escritas (**P**)
- Análise da produción dos alumnos (**Informes-I**): resumos, traballos, resolución de exercicios, exposicións

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

|   |   |   |  |   |
|---|---|---|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios).</li> <li>▪ Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.</li> <li>▪ Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>                |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financiera. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.</li> <li>▪ Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal.</li> </ul>                          | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Presenta un estudo de viabilidade económico-financiera a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folia de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.</li> <li>▪ Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.</li> <li>▪ Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.</li> <li>▪ Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul> |



## Grao mínimo de consecución e temporalización:

| Estándar de aprendizaxe  | Grao mínimo de consecución  | Temporalización      |
|--|---|----------------------|
| <b>BLOQUE 1</b>  |   |                      |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.</li> <li>▪ Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.</li> <li>▪ Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.</li> <li>▪ Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.</li> <li>▪ Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo</li> <li>▪ Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva</li> <li>▪ Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as contingencias cubertas.</li> <li>▪ Identifica as situación de risco laboral máis habituais nos</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comparar habilidades persoais coas expostas en exemplos do texto.</li> <li>▪ Describir as funcións das empresas.</li> <li>▪ Identificar microempresas e pemes.</li> <li>▪ Valorar a porcentaxe de poboación ocupada nelas. Realizar a mesma análise para as grandes empresas.</li> <li>▪ Propoñer exemplos próximos e distinguir entre microempresas, pemes e grandes empresas.</li> <li>▪ Comprender e coñecer as actitudes emprendedoras.</li> <li>▪ Identificalas.</li> <li>▪ Reflexionar sobre as propias habilidades e/ou actitudes emprendedoras.</li> <li>▪ Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.</li> <li>▪ Coñecer o concepto de familia profesional.</li> <li>▪ Distinguir os requisitos esixidos para o exercicio profesional dunha actividade.</li> <li>▪ Distinguir os requisitos esixidos para o exercicio profesional dunha actividade</li> <li>▪ Recoñecer os conceptos de oferta e demanda de traballo e os seus argumentos.</li> <li>▪ Coñecer os conceptos de poboación activa, ocupada e desempregada.</li> <li>▪ Calcular as taxas de desemprego.</li> <li>▪ Consultar o estatuto de traballadores</li> <li>▪ Identificar as normas que afectan ás relacións laborais</li> <li>▪ Discriminar, a partir da consulta do Estatuto dos Traballadores ou dun convenio colectivo, os dereitos e obrigas que se desprenden da relación laboral.</li> <li>▪ Cumprmentar un contrato de traballo.</li> <li>▪ Coñecer os distintos tipos e características dun contrato de traballo, así como os requisitos principais para a súa celebración.</li> </ul> | <p>1ª AVALIACIÓN</p> |

|   |   |  |
|---|---|--|
| <p>sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñecer o concepto de negociación colectiva e o seu alcance dentro da lexislación vixente.</li> <li>▪ Coñecer o funcionamento do sistema de Seguridade Social.</li> <li>▪ Describir as prestacións do sistema.</li> <li>▪ Distinguir as distintas continxencias.</li> <li>▪ Consultar información relevante nas páxinas web das institucións relacionadas co ámbito laboral.</li> <li>▪ Calcular o custo dun posto de traballo.</li> <li>▪ Calcular cuotas de cotización á SS, retencións e salario neto</li> <li>▪ Identificar situacións de risco laboral.</li> <li>▪ Investigar e listar os posibles riscos que unha situación laboral pode entrañar</li> </ul> |  |
|---|---|--|

| Estándar de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Temporalización |
|-------------------------|----------------------------|-----------------|
| BLOQUE 2                |                            |                 |

|   |  |                      |
|---|--|----------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características, e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.</li> <li>▪ Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).</li> <li>▪ Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.</li> <li>▪ Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.</li> <li>▪ Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Desenvolver unha idea de negocio, analizando e avaliando debilidades, ameazas, oportunidades e fortalezas.</li> <li>▪ Comprender o concepto de empresa e clasificar e distinguir os seus elementos.</li> <li>▪ Analizar variables relativas ao ámbito específico do sector (clientes, provedores, competencia, barreiras de entrada, substitutivos).</li> <li>▪ Desenvolver e analizar, para un caso concreto, real ou simulado, as variables de mercadotecnia-mix dentro do marco establecido polo plan de empresa.</li> <li>▪ Establecer una estrutura organizativa adecuada para un caso real formulado, dentro dun sector determinado.</li> <li>▪ Valorar a importancia do financiamento e calcular a rendibilidade dos activos implicados no proxecto de investimento</li> <li>▪ Elaborar documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto</li> <li>▪ Coñecer o concepto de patrimonio.</li> <li>▪ Coñecer o concepto de conta patrimonial e distinguir os seus tipos.</li> <li>▪ Clasificar as masas patrimoniais.</li> <li>▪ Redactar un balance.</li> <li>▪ Contabilizar operacións sinxelas usando libro diario e libro maior.</li> </ul> | <p>2ª AVALIACIÓN</p> |
|---|--|----------------------|

|   |   |  |
|---|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Confeccionar notas de pedido, albarás, cartas comerciais e facturas, tanto en papel como baixo soporte de oficina.</li> <li>▪ Formalizar cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio, identificando e distinguindo as súas principais figuras (librador, librado, tomador).</li> <li>▪ Recoñecer distintos tipos de organigramas na empresa e realizar un deles a partir dun caso real ou simulado.</li> <li>▪ Clasificar documentos baixo criterios de arquivo e establecer o tipo de ordenamento máis adecuado.</li> <li>▪ Crear materiais de difusión e publicidade conforme os seus coñecementos sobre promoción e comunicación.</li> <li>▪ Difundir una marca, un logo e mensaxe do proxecto a través das redes sociais</li> <li>▪ Concretar una proposta de valor.</li> <li>▪ Tomar decisións de produción relativas á contratación de factores produtivos, contando con información relativa a produción media e marxinal</li> <li>▪ Coñecer alternativas de axuda e apoio á creación e posta en marcha de empresas.</li> <li>▪ Consultar webs de axencias de desenvolvemento local.</li> <li>▪ Localizar accións emprendidas polas Cámaras de Comercio.</li> <li>▪ Localizar axudas no portal iPyme.</li> </ul> | <p style="text-align: center;">2ª AVALIACIÓN</p> |
|---|---|--|

|                         |                            |                 |
|-------------------------|----------------------------|-----------------|
| Estándar de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Temporalización |
|-------------------------|----------------------------|-----------------|

BLOQUE 3

- Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.
- Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.
- Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.
- Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.
- Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.
- Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.
- Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.
- Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.

- Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas.
- Coñecer os requisitos de constitución.
- Recoñecer as vantaxes e inconvenientes dos distintos tipos de empresas,
- Enumerar os distintos organismos públicos aos que debe dirixirse a persoa emprendedora á hora de realizar os trámites de constitución dunha empresa.
- Coñecer que é o DUE.
- Describir os trámites que se deben realizar para a constitución e posta en marcha dunha empresa e razoa a súa existencia.
- Realizar un plan de investimentos para a posta en marcha dun proxecto e clasificar tales investimentos nun balance de situación.
- Coñecer as alternativas de financiamento das empresas, tanto a longo como a curto prazo, internas e externas e determinar o seu custo.
- Realiza un estudo de viabilidade económico-financieira a medio prazo, servíndose de datos reais relativos ao seu contorno, dunha idea previamente xerada ou suxerida, usando na súa realización a folla de cálculo.
- No proxecto de viabilidade, selecciona aquelas fontes de financiamento (capital social e préstamos bancarios) que mellor se adapten ás súas necesidades.
- A través dun estudo de tesourería, valora a opción de contratar unha póliza de crédito.
- Estuda a amortización do financiamento escollido e calcula os pagamentos asociados

3ª AVALIACIÓN

|   |   |  |
|---|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.</li> <li>▪ Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica as obrigas fiscais das empresas.</li> <li>▪ Coñece o funcionamento do IVE.</li> <li>▪ Coñece o concepto de pagamento fraccionado e de liquidación, relativos aos impostos IS e IRPF.</li> <li>▪ Valorar a achega da carga impositiva das empresas á riqueza nacional</li> </ul> |  |
|---|---|--|

## 5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía que se pretende desenvolver partirá dos coñecementos que ten o alumado da realidade que lle rodea así como das súas expectativas e intereses. A través de actividades eminentemente prácticas propiciarase as condicións favorables para que o alumnado desenrole unha actividade mental creativa e diversa que lle permita a adquisición de coñecementos e experiencias necesarias para o desenvolvemento dun espírito emprendedor.

→ Plataforma virtual de aprendizaxe colaborativo na web do Centro, no que terán a súa disposición os contidos teóricos da materia e as prácticas a desenvolver durante o curso. Ase mesmo, poderán plantexar e resolver dúbidas e preguntas e interactuar cos seus compañeiros ao longo do curso.

→ Explicacións teóricas da profesora que o alumado deberá anotar individualmente

→ Desenvolver casos prácticos.

← Plantexarase ao alumado o reto de identificar unha oportunidade e loitar por ela para crear unha valor que xere beneficios para o seu entorno e para el mesmo. A observación e a análise do contexto social, cultural e económico, a planificación e organización do traballo, a realización de diversas tarefas, a asunción de responsabilidades e o desenvolvemento do espírito crítico son accións que xeran aprendizaxes significativos e útiles para o desenvolvemento persoal e profesional do alumno.

← A través do **traballo colaborativo**, as simulacións e **dinámicas de grupo**, o alumno desenvolverá as habilidades sociais básicas para a continuación dos seus estudos, ou para a súa futura inserción no mundo laboral, xa sexa como empresario ou como traballador por conta allea. Todo isto tendo en conta os **Protocolos COVID, para evitar contacto non se repartirá material compartido, priorizando os contidos dixitais e as dinámicas que permitan manter a distancia de seguridade.**

← Facilitar a asimilación dos novos conceptos dende un enfoque globalizado, que permita integra-lo desenvolvemento do espírito emprendedor con outras áreas de coñecemento.

← Estimula-la autoconfianza, a motivación polo logro, a iniciativa persoal e a capacidade para comprender e asumir riscos, para a consecución de obxetivos emprendedores

← Integra-las **tecnoloxías da información** e a comunicación como ferramentas do proceso de ensino-aprendizaxe

← Durante o curso cada alumno ou alumna realizará en equipos de traballo, un **proxecto** que inclúa a posta en marcha, a viabilidade, a organización, os recursos humanos e materiais, as compras e vendas e unha breve xustificación económica da xestión financeira. Finalmente terá unha conclusión a respecto da viabilidade do proxecto. Todo isto desenvolverase nas clases de xeito individual e na plataforma colaborativamente.

← Elaborará un dossier completo do proxecto e unha presentación-resume en power point para expoñer a seus compañeiros. Mediante un pequeno video sobre o proxecto.

Trátase dunha materia eminentemente práctica, na que os contidos teóricos serán os mínimos necesarios para unha adecuada comprensión das actividades e procedementos.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Usaranse os seguintes materiais:

→ Material de traballo aportado polo profesor extraído do libro de texto “Iniciación a la Actividade Emprendedora y Empresarial. Tu libro de FP

→ Apuntes elaborados por el docente de diversas fontes.

### Recursos web

<http://www.creatuempresa.org/es-ES/Paginas/CEHome.aspx>

[www.crearempresas.com](http://www.crearempresas.com)

[www.camerdata.es](http://www.camerdata.es) Páxinas webs das Cámaras de Comercio.

[www.rmc.es](http://www.rmc.es) Páxina do Rexistro Mercantil.

[www.aeat.es](http://www.aeat.es) Páxina da Axencia Tributaria.

[www.circe.es](http://www.circe.es) Páxina da Dirección Xeral de Política de Peme. Constitución de sociedades en Internet.

[www.cis.es](http://www.cis.es) Páxina do Centro de Investigacións Sociolóxicas. Contén diversas enquisas, algunhas das cales teñen que ver coa motivación dos consumidores.

[www.cocacola.es](http://www.cocacola.es) Exemplo de páxina dunha empresa relevante no seu sector.

[www.zara.es](http://www.zara.es) Exemplo de páxina dunha empresa relevante no seu sector.

[www.ipyme.org](http://www.ipyme.org) Dirección Xeral de Política de Peme. Base de datos sobre axudas e subvencións.

[www.seg-social.es](http://www.seg-social.es) Páxina da Seguridade Social.

[www.inem.es](http://www.inem.es) Servicio Público de Emprego Estatal. Tipos de contratos de traballo, Estatuto dos Traballadores, etc.

[www.mtas.es/mujer](http://www.mtas.es/mujer) Páxina do Instituto da Muller. Iniciativas para promover o emprego da muller.

[www.pntic.mec.es](http://www.pntic.mec.es) Páxina do Programa de Novas Tecnoloxías do Ministerio de Educación.

[www.laboris.net](http://www.laboris.net) Páxina web de búsqueda de emprego.

## **7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

### **7.1 Procedementos de avaliación.**

**A avaliación será formativa, aplicándose durante o proceso de aprendizaxe e levándose a cabo a través da observación sistemática dos alumnos.**

Antes da impartición de cada unidade realizarase un suposto práctico ou un **questionario inicial** para detectar o nivel de coñecementos dos alumnos e alumnas a respecto da materia que se vai impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos que se utilizarán.

Ó rematar cada unidade se compilarán as actividades propostas.

Ó rematar cada bloque temático realizarase unha proba escrita que versará sobre definición de conceptos, probas obxectivas de resposta breve, preguntas tipo test., realización de cálculos sinxelos...Todas as cuestións ou problemas terán como referencia os criterios de avaliación correspondentes.

Na a avaliación final comprobarase o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe, valorando a participación do alumno no desenrolo das sesións e as súas intervencións, o respecto polos compañeiros e polas opinións dos demais, aínda cando non coincidan coas súas e a calidade do proxecto presentado ó final do curso.

A materia non será calificada sen a presentación do proxecto. A nota final incluírá tamén as notas dos exames escritos sobre os coñecementos teóricos expostos na aula nas unidades impartidas.

### **7.2 Sistema de cualificación.**

No traballo diario valorarase a realización das actividades e fichas propostas na clase (enunciadas como grao mínimo de consecución).

Nos proxectos que se desenvolvan por grupos (sempre pequenos grupos con traballo online fundamentalmente) valorarase de traballo en equipo, a planificación, o desenvolvemento e a presentación.

En canto á valoración de probas escritas e orais procederase do seguinte xeito:



A calificación obtense da valoración das actividades que serán realizadas na aula e recollidas polo profesor, ao finalizar cada unidade. Cando un alumno non cumpra o prazo de entrega das tarefas, esta tarefa obterá unha calificación de cerca.

En cada avaliación realizarase unha proba escrita. Para superar esta proba escrita o alumno terá que obter unha calificación mínima de cinco sobre dez.

A nota final do alumno en cada avaliación derivará da proba escrita e as tarefas na aula nas súas diferentes formas, atendendo a seguinte porcentaxe:

60 % Probas escritas.

30 % Proxecto de aula e practicas.

10% Traballo na aula, participación, asistencia, actitude na aula, libreta.

Na valoración da consecución dos estándares de aprendizaxe e na configuración da cualificación final dos alumnos e alumnas terase en conta, ademais dos exames, corrixisos conforme a criterios obxectivos, a participación dos alumnos, a actitude correcta na clase e o interese pola materia.

Terase en conta tamén a capacidade de expresión das propias ideas, así como a capacidade de buscar e expoñer solucións e o sentido da responsabilidade.

Valorarase a capacidade para traballar con autonomía e iniciativa, así como o espírito de colaboración, o traballo en equipo, o liderado, e a constancia e perseveranza nos proxectos comezados.

**Valorarase igualmente a creatividade na presentación dos proxectos, a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación e o grao de coordinación na toma de decisión.**

O proxecto deberá ser presentado en word, Power Point para ser valorado, tamén se valorará a presentación oral do mesmo que deberán realizar en equipo, repartindo as tarefas para poder facelas sen contacto entre eles que non sexa a través da plataforma virtual.

### **1.- Exames:**

Nota máxima: 10 puntos.

Esta nota repartirase entre os diferentes exercicios do exame, que serán tanto relativos aos conceptos e procedementos.

### **2.- Libreta e fichas e carpetas no ordenador como soporte ás actividades propostas**

Nota máxima: 10 puntos.

Esta nota repartirase da seguinte maneira: Presentación: 0-5 puntos, Contido: 0-5 puntos

### **3.- Proxecto emprendedor**

Nota máxima: 10 puntos. Esta nota repartirase da seguinte maneira:

Contido 25%

Presentación 25%

Traballo en equipo 25%

Autonomía na busca de información 25%

Engadir que cada falta de ortografía minorará a puntuación en 0,1 e cada falta de acentuación 0,05 puntos, pudiendo rebaixar a puntuación ata un máximo de 2 puntos.

### **Recuperación das avaliacións suspensas:**

Os alumnos/as que non superen unha avaliación terán ocasión de recuperala realizando unha proba obxetiva e presentando as actividades e tarefas que non superaran, así como procedendo a corrección dos erros do proxecto. Esta proba realizarase en Xuño.

A nota final dos alumnos será, a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando estas foran superadas.

No caso de que a materia non fora superada en xuño, o alumnado terá ocasión de recuperala na convocatoria extraordinaria, realizando un exame de toda a materia.

## **8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

A avaliación do proceso do ensino e polo tanto da programación non debe ser a simple medida dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, senón un elemento regulador do proceso educativo completo.

Todo é de modificación, xa que a exposición teórica da programación ten que verse contrastada coa posta en práctica. Ao longo do curso académico, o profesorado debe detectar o grao en que os alumnos e alumnas adquiren os contidos e as posibles deficiencias da programación.

Ao longo de todo o curso, irase analizando e mellorando, na medida do posible, os distintos aspectos da programación e da práctica docente: **os obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos e materiais, temporalización, motivación do alumnado,...**; para facer da programación o instrumento realmente eficaz para o ensino-aprendizaxe.

Usaremos como **INDICADORES DE LOGRO** as seguintes rúbricas:

## 1. PLANIFICACIÓN

|               | INDICADORES  | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---------------|--|------------|----------------------|
| PLANIFICACIÓN | 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.   |            |                      |
|               | 2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.  |            |                      |
|               | 3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.                        |            |                      |
|               | 4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.  |            |                      |
|               | 5. Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.                           |            |                      |
|               | 6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas. |            |                      |
|               | 7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.  |            |                      |

## MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

|            | INDICADORES  | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|------------|--|------------|----------------------|
| MOTIVACIÓN | 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.                   |            |                      |
|            | 2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...). |            |                      |
|            | 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.      |            |                      |

|  |  |  |
|--|--|--|
| 4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas. |  |  |
| 5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.     |  |  |
| 6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.              |  |  |
| 7. Promove a reflexión dos temas tratados.                               |  |  |

## 2. DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA

|                              | INDICADORES  | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|------------------------------|--|------------|----------------------|
| DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA | 1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...           |            |                      |
|                              | 2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos... |            |                      |
|                              | 3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.   |            |                      |
|                              | 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.   |            |                      |
|                              | 5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.   |            |                      |
|                              | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.  |            |                      |
|                              | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.  |            |                      |
|                              | 8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.        |            |                      |

|  |   |  |
|--|---|--|
|  | 9. Presenta actividades de grupo e individuais. |  |
|--|---|--|

### 3. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

|                              | INDICADORES   | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|------------------------------|---|------------|----------------------|
| <b>PROCESO DE ENSINANZA-</b> | 1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.  |            |                      |
|                              | 2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.   |            |                      |
|                              | 3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.  |            |                      |
|                              | 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.   |            |                      |
|                              | 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. |            |                      |
|                              | 6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.                             |            |                      |
|                              | 7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.   |            |                      |

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No alumnado podemos observar diferentes capacidades, motivacións e ritmos de aprendizaxe, así pois, proporanse actividades de diagnóstico, ampliación, recuperación, reforzo e avaliación tendo en conta aspectos como os seguintes:

- Detectar os coñecementos previos que cada alumno ten ao comezar o tema, propondo actividades de reforzo para aquelas alumnas e alumnos nos que se detecte retraso significativo.
- Procurar que os novos contidos sexan adecuados ao nivel de desenrolo cognitivo dos alumnos e alumnas.

- Intentar que a comprensión dun contido por parte do alumnado lle sexa suficiente para facer unha mínima utilización do mesmo e para enlazar os contidos que con el se relacionan.
- Propor actividades de reforzo ou ampliación para os alumnos que o precisen.
- Proporcionar información complementaria ós alumnos que o soliciten ou facilitarlles o acceso á mesma.

Posibilitaremos a adaptación de todo tipo de alumnado, sexan cales sexan as características persoais de cada un deles, e do nivel que presenten, polo que se adaptará o currículo as necesidades educativas da seguinte formas e coas seguintes finalidades:

- Actividades con diferentes grados de dificultades, adaptados as necesidades individuais do alumnado.
- Actividades en grupo, para fomenta-la colaboración e cooperación dos alumnos con maior nivel de coñecementos, cos que presentan un nivel máis baixo.
- Realización de exercicios de reforzo, para aqueles alumnos que na avaliación non haxan sido avaliados positivamente, ou non haxan acadado os obxectivos mínimos programados.
- Exercicios de ampliación, destinados o alumnado con maior nivel de coñecementos.

En todo caso, fomentarse unha actitude de respecto cara as diferencias que uns alumnos/as presenten respecto dos demais.

## **10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

### **10.1 Contribución ao fomento da lectura.**

O alumnado deberá ler e analizar prensa diaria ou revistas especializadas , así como diversas fontes de información necesarias para a realización de traballos, debates, etc

### **10.2 Contribución ao fomento do uso das TIC.**

Relacionanse a continuación as actividades nas que os alumnos deberán empregar as tecnoloxías da información e comunicación:

- USO DA AULA VIRTUAL DO CENTRO. Como soporte á entrega das practicas temos una plataforma na que ten a sua disposición os contidos teóricos e as practicas para o correcto seguemento da materia. Será de uso obrigatorio e ademáis será o soporte para o traballo colaborativo.
- ENTRAR EN INTERNET para a búsqueda de información sobre determinados conceptos e datos e descargar fichas, test e actividades para a súa posterior

realización.

- ALMACENAR NUN SOPORTE INFORMÁTICO o desenvolvemento dun proxecto de empresa realizado o longo das tres avaliacións, empregando un ordenador cada alumno dispoñible na aula de informática.

### 10.3 Programación da educación en valores.

Os obxectivos en educación de valores desta materia na búsqueda da consecución de competencias, son:

- Valorar a existencia de **capacidades diferentes**, aproveitando a sinerxia xerada o formar un grupo de traballo, obtendo mellores resultados que si o traballo fose individual.
- Non a **exclusión** no grupo de traballo formado dentro da aula.
- **Resolución de conflitos** dados dentro da aula ou fora dela.
- Non permitir a utilización dunha **linguaxe sexista**.
- Promover a solidariedade entre os compañeiros, desterrando a idea da exclusión e da violencia na aula.

## 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Non está prevista ningunha actividade complementaria nin extraescolar no momento de redactar esta programación. Xa que esta é un instrumento flexible, queda aberta a aquelas actividades que poidan xurdir.

## 12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

| ASPECTOS A AVALIAR                      | A DESTACAR | A MELLORAR | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|------------|------------|----------------------|
| Temporalización das unidades didácticas |            |            |                      |

|   |  |  |  |
|---|--|--|--|
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos |  |  |  |
| Manexo dos contidos da unidade            |  |  |  |
| Descritores e desempeños competenciais    |  |  |  |
| Realización de tarefas                    |  |  |  |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas   |  |  |  |

Recursos

Claridade nos criterios de avaliación

Uso de diversas ferramentas de avaliación

Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe

Atención á diversidade

Interdisciplinariade

### **13.-PROTOCOLO COVID-METODOLOXÍA SEMIPRESENCIAL-DISTANCIA**

Os protocolos deste curso escolar condicionan moito a impartición das diferentes materias, sobre todo polo feito de ter aulas estáticas, nas que non está permitido o movemento dos alumnos, o que impide o traballo colaborativo e en grupo. A excepcionalidade de non ter aulas materia e pasar a ter aulas grupo que limita a posibilidade de traballar en proxectos de forma conxunta tamén e unha limitación que dificulta a realización dalgunhas actividades.

Tamen dificultan e restan tempo defectivo das clases, o resto de protocolos como o de limpeza e desinfección continua das mesas e cadeiras, mantemento da distancia de seguridade, o uso da mascarilla de xeito continuo durante toda a xornada escolar tanto de profesores como de alumnos, a limitación no uso de papeis salvo o imprescindible e a



prohibición do uso compartido de materiais. ´

Todo o anterior, e a experiencia pasada no curso anterior, fainos estar preparados no caso excepcional que o Covid tivese efectos novamente no desenvolvemento da docencia presencial no centro, e tivese que adoptarse novamente a metodoloxía semipresencial, ou incluso a distancia da materia, está prevista a formación íntegra na plataforma virtual.

**Os criterios de avaliación** no caso de confinamento total, serán os mesmos que na modalidade presencial.

## **PLAN DE TRABAJO E REFORZO**

Dada a excepcionalidade deste curso académico expónse una metodoloxía dual dende o principio, para ter unha certa flexibilidade no caso de ter novamente un confinamento. Para isto, dende o inicio do curso estará a disposición dos alumnos a aula virtual do centro, na que colgáranse os contidos da materia, as prácticas que deben realizar para a superación da mesma e ademais contidos adicionais para unha mellor comprensión dos mesmos e que sirvan de reforzo. A plataforma pretende ser unha vía de comunicación máis áxil entre o docente e os alumnos, e entre eles mesmos para debater ou para as dúbidas ou preguntas que poidan xurdir.

As actividades da materia, debido a situación excepcional na que estamos, terán que ser entregadas a través da aula virtual como única vía de entrega, para así evitar a manipulación de papeis innecesariamente. Excepcionalmente, os alumnos que non poidan acceder á plataforma nalgunha circunstancia concreta, permitiráselles a entrega a través do correo electrónico, ou si isto non é posíbel, en papel, sendo esta unha opción excepcional, máis no a recomendábel.

Dado que é o primeiro ano no que se imparte a materia, non é necesario impartir contidos de reforzo do curso pasado.

# PROGRAMACIÓN ECONOMÍA

## 4º ESO

IES ROU  
CURSO 2021-22

## INDICE:

|  |    |
|--|----|
| 1. Introducción e contextualización da programación .....                            | 3  |
| 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....                      | 4  |
| 3. Obxectivos .....  | 7  |
| 4. Contidos .....  | 10 |
| 5. Temporalización .....   | 12 |
| 6. Criterios de avaliación .....   | 13 |
| 7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable .....                      | 14 |
| 8. Concrecións metodolóxicas .....   | 51 |
| 9. Materiais e recursos didácticos.....  | 53 |
| 10. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado .....        | 54 |
| 11. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente ..... | 54 |
| 12. Medidas de atención á diversidade .....  | 58 |
| 13. Elementos transversais .....   | 59 |
| 14. Actividades complementarias e extraescolares .....                               | 62 |
| 15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación .....          | 62 |
| 16. Lexislación aplicable .....  | 63 |
| 17. Protocolo Covid-Metodoloxía semipresencial-distancia.....                        | 64 |

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## INTRODUCCIÓN

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguese das restantes ciencias sociais.

A materia de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos.

No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica.

No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía.

No bloque 3 ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas.

No cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos.

No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego.

E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día mais valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A materia de Economía xoga un papel relevante para que os alumnos alcancen os obxectivos da etapa e adquiran as distintas competencias clave, a saber:

### **- Comunicación lingüística**

Esta competencia está vinculada con prácticas sociais que permiten ao individuo comportarse como axente comunicativo que produce e recibe mensaxes a través da lingua con distintas finalidades. É un instrumento fundamental para a socialización que vai permitir o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos, o pluralismo e a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia e a resolución de conflitos. Nesta materia porase de manifesto esta competencia para que o alumno coñeza e utilice correctamente diferentes termos relacionados coa área da economía, para explicitar a diferenza entre economía normativa e positiva, distinguir entre as diferentes formas societarias, explicar a importancia do aforro e o control do gasto nunha economía persoal e comprender o contido e significado dos diferentes soportes documentais

bancarios. Tamén se utilizará para que poida expresar de forma razoada os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos xeralmente utilizados para a súa redistribución, para explicar e recoñecer as causas da inflación, desemprego e valorar o proceso de integración na Unión Europea.

– **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Esta competencia implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto a través das áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística e vai ser amplamente desenvolvida nesta materia, posto que gran parte dos acontecementos económicos son abordados mediante a realización de cálculos, gráficos e expresións algebraicas. En concreto, utilizarase esta competencia matemática para analizar gráficamente o custo de oportunidade, coñecer as distintas formas de financiamento das empresas, elaborar orzamentos personalizados e utilizar instrumentos gráficos para a súa representación, coñecer cuantitativa e gráficamente os ingresos e gastos do Estado, valorar os datos e gráficos relacionados con diferentes magnitudes como os tipos de interese, a inflación e o desemprego. Tamén as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía vaise a desenvolver desde esta disciplina, xa que será imprescindible a utilización destes coñecementos para concienciarse da necesidade de alcanzar un desenvolvemento sustentable e da realización de actividades económicas que respecten o medio ambiente e fagan unha utilización racional dos recursos naturais dispoñibles.

– **Competencia dixital**

O desenvolvemento desta competencia implica o uso creativo, crítico e seguro do TIC, de tal forma que permite adquirir habilidades e actitudes necesarias para ser competente nunha contorna dixital. Esta materia vai axudar á consecución desta competencia por canto a maior parte da información que se utiliza no ámbito económico obtense de páxinas web e outras fontes de internet. O alumno utilizará programas informáticos para a elaboración de gráficas e análises de datos económicos, elaboración de orzamentos e plans financeiros individualizados e tamén na elaboración e presentación de traballos, tanto persoais como grupales.

– **Aprender a aprender**

Esta competencia é imprescindible para a aprendizaxe permanente e caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. En e conomía o mundo que estudamos é moi cambiante, polo que os alumnos deberán ser capaces de asimilar novos coñecementos e situacións, que só desenvolvendo esta

competencia, poderán adquirir. As destrezas e actitudes que a integran evidéncianse na capacidade para tomar conciencia dos principios básicos a aplicar nas relacións económicas, coñecer as obrigacións fiscais da empresa segundo o seu sector de actividade e os seus distintos cambios ao longo do tempo, comprender as necesidades de planificación financeira ao longo da vida, recoñecer e comprender a necesidade de ler os documentos bancarios que se presenten, investigar os ámbitos de oportunidades de emprego, determinar o impacto social da desigual redistribución da renda ou para valorar o impacto da globalización na calidade de vida das persoas e o medioambiente.

#### **- Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade e para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados. A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo que desenvolve actitudes e valores como a integridade e a honestidade. O coñecemento dos efectos sociais e ambientais das empresas, o funcionamento básico dos impostos, a relevancia social do aforro e o investimento, o coñecemento dos efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma, as causas do desemprego e as súas principais repercusións económicas permitirán aos alumnos alcanzar as destrezas, actitudes e valores implícitos nesta competencia. A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, todos eles necesarios para comprender e entender as experiencias colectivas e a organización e funcionamento do pasado e presente das sociedades e en particular da organización económica das mesmas. Nun mundo globalizado, onde o fenómeno migratorio é tan importante, será necesario desenvolver un espírito aberto, positivo e solidario respecto doutras culturas, que cada vez máis, vanse incorporando á nosa.

#### **- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Implica a capacidade de transformar as ideas en actos, permitindo o aproveitamento de novas oportunidades que inclúen a conciencia dos valores éticos relacionados. Nesta materia desenvolveranse as capacidades integradas nesta competencia a través dos seguintes contidos: as decisións básicas da economía; o coñecemento das relacións entre as economías domésticas e as empresas; a empresa e o empresario; as distintas formas xurídicas das empresas; o risco e a necesidade de diversificación; a capacidade para recoñecer oportunidades existentes en actividades

comerciais e profesionais,; a habilidade de negociación nas distintas operacións mercantís e financeiras, disposición para valorar distintas opcións para combater o desemprego, a inflación e outros problemas económicos e sociais. Esta competencia poténciase especialmente nesta materia, posto que inclúe a capacidade de comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento económico das sociedades, a organización e os procesos empresariais, así como a postura ética das organizacións.

- **Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia está presente despois de que implica coñecer, comprender e valorar críticamente as distintas manifestacións culturais que determinaron historicamente as distintas respostas das sociedades ás súas necesidades, desenvolvendo valores e actitudes de tolerancia e respecto cara á diversidade cultural e a liberdade de expresión e, doutra banda, na capacidade para desenvolver a creatividade a través da comunicación de ideas, detección de necesidades e a súa maneira de resolvelas, condicionado pola visión cultural e social que se ten.

### 3. OBXECTIVOS

#### OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

A ESO debe contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permita alcanzar os seguintes obxectivos:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que



supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacíficamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medioambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. Coñecer mulleres e homes que realicen achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal, e

incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos ser vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- p) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **OBXECTIVOS DO CURSO**

A materia de Economía en 4º de ESO debe contribuir a acadar concretamente os seguintes obxectivos:

1. Integrar o concepto de Economía como ciencia da elección. Identificar os principais axentes económicos e a súa actuación.
2. Valorar os distintos sistemas económicos existentes e os seus efectos sobre a contorna persoal e social.
3. Coñecer os dereitos e deberes dos cidadáns en tanto a cidadáns. Valorar criticamente o impacto das accións duns axentes económicos sobre os outros.
4. Describir a importancia da empresa e o emprendimento no proceso de creación de riqueza dunha sociedade.
5. Identificar as consecuencias das actividades empresariais para a propia empresa, os seus traballadores, e a sociedade no seu conxunto.

6. Analizar o papel fundamental do diñeiro no funcionamento dunha sociedade. Identificar as diferentes formas de pago e instrumentos financeiros en función das súas características principais (custo, risco e rendibilidade).
7. Presentar alternativas aos medios de pago, instrumentos financeiros e sistemas de xestión maioritarios, que incorporen valores sociais, como a ética, a sustentabilidade ou o respecto polo medio ambiente e as condicións sociais.
8. Examinar as características principais do mercado de traballo dun territorio e da súa evolución a partir dos factores clave que o definen. Diagnosticar a súa sustentabilidade. Establecer os seus trazos diferenciadores.
9. Explicar o papel do sector público, como garante do marco de actuación, e como axente económico. Valorar críticamente os efectos da súa actuación ou ausencia de actuación respecto da igualdade e o benestar dunha sociedade.
10. Entender o papel do sistema impositivo e a súa influencia nas actuacións dos axentes económicos, e na súa misión de proporcionar bens e servizos á sociedade ou corrección dos fallos do mercado
11. Diagnosticar o papel da inflación como elemento distorsionador das decisións que toman os axentes económicos nunha sociedade. Calcular a súa medida e efectos na asignación de recursos.
12. Expor as vantaxes que supuxo o comercio internacional, así como os custos que implicou no desenvolvemento dalgúns países.
13. Contrastar os conceptos de crecemento económico e desenvolvemento económico e os seus efectos no benestar global.

## 4. CONTIDOS

### **Bloque 1. Ideas económicas básicas**

1. O dilema económico.
2. Conceptos económicos básicos.
3. O método en Economía.
4. A Fronteira de Posibilidades de Producción.
5. Os axentes económicos.

## **Bloque 2. Economía e empresa**

1. A empresa e o termo empresario.
2. A empresa individual.
3. A empresa social.
4. O proceso produtivo.
5. A teoría da produción.
6. Financiación e inversión.
7. Tipos de financiación.
8. Ingresos, custos e gastos.
9. O beneficio.
10. Fiscalidade empresarial.

## **Bloque 3. Economía persoal**

1. Ingresos e gastos.
2. Xestión do presuposto.
3. Aforro e endeudamento.
4. Planificación financeira do futuro.
5. Risco e diversificación.
6. O diñeiro.
7. Diñeiro fiduciario.
8. O diñeiro bancario.
9. Contratos financeiros.
10. O contrato de seguro.

## **Bloque 4. Economía e ingresos do Estado**

1. A actividade financeira do Estado.
2. Os ingresos públicos.
3. O gasto público.
4. Déficit e débeda públicos.
5. A distribución da renda.

## **Bloque 5. Economía e tipos de xuros, inflación e desemprego**

1. O xuro.
2. O tipo de xuro e a política monetaria.
3. A inflación.
4. Consecuencias da inflación.

5. Casos especiais de inflación. Deflación.
6. O mercado de traballo.
7. O desemprego.
8. O mercado de traballo en España.
9. Desemprego. Consecuencias e políticas.
10. Desemprego e sistema educativo.

### **Bloque 6. Economía internacional**

1. Globalización e comercio internacional.
2. A política comercial.
3. A Unión Europea.
4. Unión Económica e Monetaria.
5. Medio ambiente e sustentabilidade.

## **5. TEMPORALIZACIÓN**

Os tempos debe ser flexibles en función de cada actividade e das necesidades de cada alumno, que serán os que marquen o ritmo de aprendizaxe. Tendo en conta que o curso consta de aproximadamente 30 semanas, e considerando que o tempo semanal asignado a esta materia é de 3 horas, sabemos que no curso haberá arredor de 90 sesións. Podemos, pois, facer unha estimación do reparto do tempo por unidade didáctica, tal e como se detalla a continuación:

| <b>UNIDAD DIDÁCTICA</b>                           | <b>TEMPORALIZACIÓN</b> |
|---|------------------------|
| UNIDAD 1: Que é a economía?                       | 7 sesións              |
| UNIDAD 2: Pensar como un economista               | 7 sesións              |
| UNIDAD 3: A produción e o crecemento económico    | 8 sesións              |
| UNIDAD 4: Cómo funcionan as empresas              | 7 sesións              |
| UNIDAD 5: A economía familiar e persoal           | 7 sesións              |
| UNIDAD 6: O diñeiro e a inflación                 | 7 sesións              |
| UNIDAD 7: O sistema financeiro e os seus produtos | 8 sesións              |
| UNIDAD 8: O uso intelixente do crédito            | 7 sesións              |
| UNIDAD 9: As contas públicas                      | 8 sesións              |
| UNIDAD 10: O mercado de traballo                  | 7 sesións              |
| UNIDAD 11: O cadro de mandos da economía          | 8 sesións              |
| UNIDAD 12: Os retos da economía global            | 9 sesións              |
| <b>TOTAL</b>                                      | <b>90 sesións</b>      |

## 6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### **Bloque 1. Ideas económicas básicas**

1. Explicar a economía como ciencia social valorando o impacto permanente das decisións económicas na vida dos cidadáns.
2. Coñecer e familiarizarse ca terminoloxía económica básica e co uso de modelos económicos.
3. Tomar conciencia dos principios básicos da economía a aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e necesidades.

### **Bloque 2. Economía e empresa**

1. Describir os diferentes tipos de empresas e formas xurídicas das empresas relacionando con cada unha delas as súas exixencias de capital e as responsabilidades legais dos seus propietarios e xestores, así como as interrelacións das empresas co seu entorno inmediato.
2. Analizar as características principais do proceso produtivo.
3. Identificar as fontes de financiación das empresas.
4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.
5. Diferenciar os impostos que afectan ás empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.

### **Bloque 3. Economía persoal**

1. Realizar un presuposto persoal distinguindo entre os diferentes tipos de ingresos e gastos, controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.
2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, relacionando estas co benestar propio e social.
3. Expresar unha actitude positiva cara o aforro e manexar este como medio para acadar diferentes obxectivos.
4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os diferentes tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pago, valorando a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.
5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.

### **Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado**

1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, así como interpretar gráficos onde se amose dita distribución.
2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.
3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.

#### **Bloque 5. Economía e tipos de xuros, inflación e desemprego**

1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuros, inflación e desemprego, así como analizar as relacións existentes entre elas.
2. Interpretar datos e gráficos vinculados cos conceptos de tipos de xuros, inflación e desemprego.
3. Valorar diferentes opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ó desemprego.

#### **Bloque 6. Economía internacional**

1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no medio ambiente.

## **7. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVARIABLE**

### ***Temporalización***

Por avaliacións

### ***Grao mínimo de consecución para superar a materia***

Figuran para cada estándar de aprendizaxe e a súa consecución implica acadar o estándar.

### ***Procedementos e instrumentos de avaliación***

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato establece que o profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación.

Así mesmo, é necesario incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros nas actividades de tipo colaborativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe.

En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

Os instrumentos de avaliación que se aplicarán durante o curso 2021-22 na materia de economía de 4º de ESO serán:

- Observación directa e sistemática do traballo (**OD**)
- Probas obxectivas orais e escritas (**P**)
- Análise da produción dos alumnos (**Informes-I**): resumos, traballos, resolución de exercicios e exposicións.



## BLOQUE 1. IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS

**Obxectivos:** a), d), f), h), .

**Contidos:**

1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.
2. Principios na toma de decisións económicas.
3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.

| Crterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe   | Instrumentos de avaliación | Comp. CI | Grao mínimo de consecución  | Temporalización |
|--|---|----------------------------|----------|---|-----------------|
| Explicar a economía como ciencia social valorando o impacto permanente das decisións económicas na vida dos cidadáns.. | Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de toda economía e comprende que toda elección supón renunciar a outras alternativas e que toda decisión ten consecuencias. | OD                         | CSC      | Realiza actividades de simulación, comparando situacións de economía planificada con situacións de libre mercado. | 1ª Avaliación   |
|  | Diferenza formas diversas de abordar e resolver problemas económicos e identifica as súas   | OD,I                       | CAA      | Clasifica distintos tipos de necesidades.   |                 |

| 4 | Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos, dos distintos tipos de contidos e das características dos alumnos. |  |  |  |  |
| 5 | Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustado o máis posible ás necesidades e intereses dos alumnos. |  |  |  |  |
| 6 | Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoevaluación.                                |  |  |  |  |
| 7 | Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado.  |  |  |  |  |

Observacións e propostas de mellora

1 (Nunca) 2 (Poucas veces) 3 (Case sempre) 4 (Sempre)

## II. REALIZACIÓN

| <b>Motivación inicial dos alumnos</b>        |   | <b>1</b> | <b>2</b> | <b>3</b> | <b>4</b> |
|--|---|----------|----------|----------|----------|
| <b>1</b>                                     | Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.       |          |          |          |          |
| <b>2</b>                                     | Expoño situacións introductorias previas ao tema que se vai a tratar.                             |          |          |          |          |
| <b>Motivación ao longo de todo o proceso</b> |   |          |          |          |          |
| <b>3</b>                                     | Manteño o interese do alumnado partindo de as súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada. |          |          |          |          |

|   |   |  |          |          |          |          |
|---|---|--|----------|----------|----------|----------|
| 4   | Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real.   |  |          |          |          |          |
| 5   | Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas.   |  |          |          |          |          |
| <b>Presentación dos contidos</b>                                      |   |  |          |          |          |          |
| 6   | Relaciono os contidos e actividades cos coñecementos previos dos meus alumnos.  |  |          |          |          |          |
| 7   | Estruturo e organizo os contidos dando una visión xeral de cada tema (índices, mapas conceptuais, esquemas, etc.)                                     |  |          |          |          |          |
| 8   | Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando, etc.                                      |  |          |          |          |          |
| <b>Actividades na aula</b>  |   |  |          |          |          |          |
| 9   | Expoño actividades variadas, que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.        |  |          |          |          |          |
| 10  | Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.  |  |          |          |          |          |
| <b>Recursos e organización da aula</b>                                |   |  |          |          |          |          |
| 11  | Distribúo o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase).                 |  |          |          |          |          |
| 12  | Adopto distintos agrupamentos en función da tarefa a realizar, controlando sempre que o clima de traballo sexa o adecuado                             |  |          |          |          |          |
| 13  | Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, etc.), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos.     |  |          |          |          |          |
| <b>Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas dos alumnos</b> |   |  |          |          |          |          |
| 14  | Comprobo que os alumnos comprenderon a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, etc.                       |  |          |          |          |          |
| 15  | Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas e asegúrome a participación de todos |  |          |          |          |          |
| <b>Clima da aula</b>  |   |  | <b>1</b> | <b>2</b> | <b>3</b> | <b>4</b> |

|   |   |  |  |  |  |
|---|---|--|--|--|--|
| 16  | As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula son fluídas e desde unhas perspectivas non discriminatorias.                           |  |  |  |  |
| 17  | Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.                    |  |  |  |  |
| 18  | Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxestións e achegas.   |  |  |  |  |
| <b>Seguimento/ control do proceso de ensino-aprendizaxe</b> |   |  |  |  |  |
| 19  | Reviso e corrijo frecuentemente os contidos e actividades propostas dentro e fóse da aula.  |  |  |  |  |
| 20  | Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloralas.   |  |  |  |  |
| 21  | En caso de obxectivos insuficientemente alcanzados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.                                     |  |  |  |  |
| 22  | En caso de obxectivos suficientemente alcanzados, en curto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición. |  |  |  |  |
| <b>Atención a diversidade</b>                               |   |  |  |  |  |
| 23  | Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino- aprendizaxe               |  |  |  |  |
| 24  | Coordínome con profesores de apoio, para modificar contidos, actividades, metodoloxía, recursos, etc. e adaptalos aos alumnos con dificultades.   |  |  |  |  |

Observacións e propostas de mellora

### III. AVALIACIÓN

|  |          |          |          |          |
|--|----------|----------|----------|----------|
|  | <b>1</b> | <b>2</b> | <b>3</b> | <b>4</b> |
|--|----------|----------|----------|----------|

|   |   |  |  |  |  |
|---|---|--|--|--|--|
| 1 | Teño en conta o procedemento xeral para a avaliación dos aprendizaxes de acordo coa programación de área.   |  |  |  |  |
| 2 | Aplico criterios de avaliación e criterios de cualificación en cada un dos temas de acordo coa programación de área.  |  |  |  |  |
| 3 | Realizo unha avaliación inicial a principio de curso.   |  |  |  |  |
| 4 | Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.  |  |  |  |  |
| 5 | Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información sobre os alumnos.  |  |  |  |  |
| 6 | Habitualmente, corrijo e explico os traballos e actividades dos alumnos e, dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.   |  |  |  |  |
| 7 | Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade de alumnos, das diferentes áreas, dos temas, dos contidos...  |  |  |  |  |
| 8 | Utilizo diferentes medios para informar a pais, profesores e alumnos (sesións de avaliación, boletín de información, entrevistas individuais) dos resultados da avaliación. |  |  |  |  |

Observacións e propostas de mellora

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No que respecta ó tratamento da diversidade, propónse unha introdución progresiva ós conceptos, termos e argumentos económicos; de maneira que se adapten as características e niveis dos alumnos/as.

A atención a diversidade supón ter en conta a pluralidade de intereses, ritmos e dificultades de aprendizaxe e outras diversidades que presentan os alumnos e alumnas que integran a aula.

Como dentro da clase o alumnado é diferente realizaranse múltiples actividades que irán aumentando en complexidade e prestarase unha atención individualizada ó alumnado con maiores dificultades.

Ademáis das responsabilidades que neste aspecto lle confire a LOMCE ás administracións educativas, dende a aula e en coordinación co departamento de orientación, se contempla:

- A propia organización e distribución da aula.
- A adecuación da programación didáctica ao caso de que se trate.
- A adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Programas de reforzo, repaso ou recuperación.
- Programas específicos personalizados a caso/s concreto/s.
- Avaliación diferenciada segundo as características dos alumnos/as.

Cas actividades propostas iranse descubriendo as carencias dos alumnos/as, e daraselles tarefas adecuadas para que poidan alcanzar os obxectivos particulares adecuados a cada un. As propias actividades teñen tamén diferentes graos e niveis de dificultade, de xeito que se poderán graduar nas respostas segundo a súa capacidade.

### **13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

O decreto 86/2015 de 25 de xuño que establece o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 4 os elementos transversais do seguinte xeito:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

A concreción dos elementos transversais para cada estándar de aprendizaxe queda reflexada no seguinte cadro:

| BLOQUE<br>ES | Estándares de Aprendizaxe  | TEMAS TRANSVERSAIS |     |     |     |     |     |    |
|--------------|--|--------------------|-----|-----|-----|-----|-----|----|
|              |  | CL                 | EOE | CAV | TIC | EMP | CIV | PV |
| BOQUE1       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.</li> </ul>   | X                  | X   |     |     |     | X   |    |
|              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.</li> </ul>  | X                  | X   |     |     |     |     |    |
|              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.</li> </ul>   | X                  | X   |     |     |     |     |    |
|              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.</li> </ul>  | X                  | X   |     | X   |     |     |    |
|              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.</li> </ul>   | X                  | X   |     |     | X   | X   |    |
|              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.</li> </ul>  | X                  | X   |     |     | X   | X   | X  |
|              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.</li> </ul>                          | X                  | X   |     |     | X   | X   |    |
|              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.</li> </ul> | X                  | X   |     |     | X   | X   |    |

LEENDA TEMAS TRANSVERSAIS:

- **CL** Comprensión lectora
- **EOE** Expresión oral e escrita
- **CAV** Comunicación audiovisual
- **TIC** Tecnoloxías da información e comunicación
- **EMP** Emprendemento
- **EC** Educación cívica
- **PV** Prevención da violencia

#### **14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

No momento de redactar esta programación, non está prevista ningunha actividade complementaria nin extraescolar. A flexibilidade que vai implícita no concepto programación, permite que ao longo do desenvolvemento da mesma, poidan xurdir este tipo de actividades.

#### **15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

Os procedementos para avaliar esta programación son:

- Comparar mensualmente os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades cos resultados que acada o alumnado na aula.
- Corrixir as desviacións atopadas axustando todos, algúns ou algún deses elementos á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro.
- Prestar atención número de alumnos que, nas avaliacións trimestrais acadan un resultado positivo, para facer as correccións oportunas.
- Valorar a porcentaxe de alumnado que, despois da avaliación final, superan a materia.
- Recoller na memoria final do curso os erros de programación e as correccións realizadas para que sirvan de base da programación do curso seguinte

Como instrumento de medida empregárase o seguinte cadro de indicadores:



| <b>Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica</b><br><b>(Indicadores de logro)</b> | <b>Escala</b> |   |   |   |
|---|---------------|---|---|---|
|   | 1             | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?                     |               |   |   |   |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?                         |               |   |   |   |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?                     |               |   |   |   |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?  |               |   |   |   |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?                                    |               |   |   |   |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas                                    |               |   |   |   |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?                    |               |   |   |   |
| 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?                                |               |   |   |   |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?                          |               |   |   |   |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?                                 |               |   |   |   |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?                                |               |   |   |   |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?   |               |   |   |   |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?  |               |   |   |   |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?                  |               |   |   |   |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?                       |               |   |   |   |
| 16.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.                    |               |   |   |   |
| 17.- Fixáronse criterios para a avaliación final?   |               |   |   |   |
| 18.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?                                       |               |   |   |   |
| 19.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?                                  |               |   |   |   |
| 20.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?                    |               |   |   |   |
| 21.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado?                                 |               |   |   |   |
| 22.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?                 |               |   |   |   |
| 23.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)                 |               |   |   |   |
| 24.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso  |               |   |   |   |
| 25.- Introducíronse axustes e modificacións na programación?  |               |   |   |   |
| 26.- As modificacións na programación foron axeitadas?  |               |   |   |   |

## 16.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A presente programación responde á seguinte lexislación vixente:

### NORMATIVA ESTATAL

LEI ORGÁNICA 3/2020, de 29 de decembro, por a que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.

LEI ORGÁNICA 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa. (BOE de 10 de decembro)

REAL DECRETO 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato. (BOE de 3 de xaneiro)

REAL DECRETO 83/1996, de 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de Educación Secundaria. (BOE de 21 de febreiro)

Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obligatoria e o Bacharelato. (BOE de 29 de xaneiro)

#### NORMATIVA AUTONÓMICA

DECRETO 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG de 29 de xuño)

## **17.-PROTOCOLO COVID-METODOLOXÍA SEMIPRESENCIAL-DISTANCIA**

Os protocolos deste curso escolar condicionan moito a impartición das diferentes materias, sobre todo polo feito de ter aulas estáticas, nas que non está permitido o movemento dos alumnos, o que impide o traballo colaborativo e en grupo. A excepcionalidade de non ter aulas materia e pasar a ter aulas grupo que limita a posibilidade de traballar en proxectos de forma conxunta tamén e unha limitación que dificulta a realización dalgunhas actividades.

Tamen dificultan e restan tempo defectivo das clases, o resto de protocolos como o de limpeza e desinfección continua das mesas e cadeiras, mantemento da distancia de seguridade, o uso da mascarilla de xeito continuo durante toda a xornada escolar tanto de profesores como de alumnos, a limitación no uso de papeis salvo o imprescindible e a prohibición do uso compartido de materiais.

Todo o anterior, e a experiencia pasada no curso anterior, fainos estar preparados no caso excepcional que o Covid tivese efectos novamente no desenvolvemento da docencia presencial no centro, e tivese que adoptarse novamente a metodoloxía semipresencial, ou incluso a distancia da materia, está prevista a formación íntegra na plataforma virtual (AULA VIRTUAL).

**Os criterios de avaliación** no caso de confinamento total, serán os mesmos que na modalidade presencial.

## **PLAN DE TRABAJO E REFORZO**

Dada a excepcionalidade deste curso académico expónse una metodoloxía dual dende o principio, para ter unha certa flexibilidade no caso de ter novamente un confinamento. Para isto, dende o inicio do curso estará a disposición dos alumnos a aula virtual do centro, na que colgáranse os contidos da materia, as practicas que deben realizar para a superación da mesma e ademais contidos adicionais para unha mellor comprensión dos mesmos e que sirvan de reforzo. A plataforma pretende ser unha vía de comunicación máis áxil entre o docente e os alumnos, e entre eles mesmos para debater ou para as dúbidas ou preguntas que poidan xurdir.

As actividades da materia, debido a situación excepcional na que estamos, terán que ser entregadas a través da aula virtual como única vía de entrega, para así evitar a manipulación de papeis innecesariamente. Excepcionalmente, os alumnos que non poidan acceder á plataforma nalgunha circunstancia concreta, permitiráselles a entrega a través do correo electrónico, ou si isto non é posíbel, en papel, sendo esta unha opción excepcional, máis no a recomendábel.

Dado que é o primeiro ano no que se imparte a materia, non é necesario impartir contidos de reforzo do curso pasado.

# PROGRAMACIÓN ECONOMÍA

1º BACHARELATO

IES ROU

CURSO 2021-22

## INDICE

|   |   |                                      |
|---|---|--------------------------------------|
| 1.  | INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....  | 2                                    |
| 2.  | CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. .... | 3                                    |
| 3.  | CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO .....  | 5                                    |
| 3.1   | OBXECTIVOS DO BACHARELATO .....   | 5                                    |
| 3.2   | OBXECTIVOS DO CURSO .....   | 6                                    |
| 4.  | CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE .....   | 7                                    |
| 4.1   | Temporalización .....   | <b>¡Error! Marcador no definido.</b> |
| 4.2   | Grao mínimo de consecución para superar a materia .....   | 7                                    |
| 4.3   | Procedementos e instrumentos de avaliación .....  | 7                                    |
| 5.  | CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS .....   | 22                                   |
| Estratexias metodolóxicas concretas: .....      |   | 24                                   |
| Secuenciación habitual de traballo na aula..... |   | 24                                   |
| 6.  | MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....   | 24                                   |
| 7.  | CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. ....   | 25                                   |
| 7.1   | Avaliación .....  | 25                                   |
| 7.2   | Cualificación e promoción.....  | 26                                   |
| 7.3   | Criterios de recuperación.....  | 27                                   |
| 8.  | INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE .....  | 27                                   |
| 9.  | MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....   | 31                                   |
| 10.   | CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS .....   | 31                                   |
| 11.   | ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Y EXTRAESCOLARES .....  | 36                                   |
| 12.   | MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....   | 36                                   |
| 13.   | PROTOCOLO COVID-METODOLOXÍA SEMIPRESENCIAL-DISTANCIA .....  | 38                                   |
| 14.   | PLAN DE TRABALLO E REFORZO .....  | 38                                   |

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguea das restantes ciencias sociais.

A materia de Economía de 1º de bacharelato emprega un esquema mixto de presentación, herdado de deseños curriculares anteriores e baseado principalmente na análise da economía como ciencia, do papel dos axentes económicos e do funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos. A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

As competencias clave no sistema educativo español determinadas na Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro, aplicables ao currículo da materia de economía de 1º de bacharelato son:

- a) Comunicación lingüística (CL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

A contribución da materia de economía á adquisición das devanditas competencias reflíctese dos seguinte xeito:

### **A competencia en comunicación lingüística:**

Ponse de manifesto na distinción entre plantexamentos económicos positivos ou normativos, criterios de clasificación dos mercados, valoración de diferenzas entre os distintos tipos de mercado (competencia perfecta, monopolios, oligopolios, competencia monopolística), explicar o funcionamento do diñeiro e valorar o papel do sistema financeiro nunha economía de mercado, describir os efectos das variacións dos tipos de interese na economía, expresar as razóns que xustifican o comercio internacional, diferenciación de conceptos de crecemento e desenvolvemento, reflexionar e comunicar os problemas medioambientales provocados pola actividade económica.

### **A competencia matemática:**

A aplicación do razonamiento matemático para describir, interpretar e predecir distintos fenómenos no seu contexto a través das áreas relativas aos números, álgebra, geometría e estatística. En economía utilízase a competencia para a análise económica, determinando a eficiencia técnica e económica; calcular, analizar e interpretar gráficamente os ingresos, custos e beneficios empresariais; calcular e analizar gráficamente as curvas de demanda e oferta, e calcular as elasticidades; comprender a información gráfica e os datos de diferentes variables macroeconómicas; interpretar e analizar datos e gráficos relacionados co mercado laboral; analizar datos de inflación e desemprego a nivel nacional e autonómico.

### **A competencia en ciencia e tecnoloxía:**

Esta competencia permitiranos en Economía reflexionar sobre problemas medioambientales, coñecer e valorar a importancia do logro dun desenvolvemento sostenible, desenvolver actitudes positivas en relación co medioambiente e a súa consideración como variable na toma de decisións económicas.

### **A competencia dixital:**

Supón o uso creativo, crítico e seguro das TIC para alcanzar obxectivos profesionais e persoais que permitan ser competentes nunha contorna digital. Utilízase en economía para coñecer os cambios máis recentes no escenario económico mundial, coñecer nun contexto global como se relaciona a división do traballo coa interdependencia económica, investigar casos reais de diferentes formas de mercado, interpretar a información de diferentes variables macroeconómicas, investigar ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego, e identificar os obxectivos e a finalidade do BCE.

### **A competencia de aprender a aprender:**

Permite a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida, esixe en primeiro lugar a capacidade de motivación, e en segundo coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e demandas das tarefas e actividades de aprendizaxe. En relación á asignatura de Economía trátase de abordar a resolución de problemas económicos en situacións económicas internacionais, estudar e analizar as repercusións da actividade empresarial próxima e internacional, valorar a influencia do tipo de mercado sobre os axentes económicos participantes, valorar a relación entre educación e emprego, recoñecer ámbitos tendenciales de emprego, ou describir os efectos das variacións dos tipos de interese.

### **As competencias sociais e cívicas:**

A habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade que permitan interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, concrétese en Economía na análise das diferentes formulacións e formas de abordar os principais sistemas económicos, a comparación de diversos tipos de mercados, a análise crítica dos diferentes indicadores económicos como instrumentos para medir a calidade de vida, o estudo das causas de inflación e as súas repercusións económicas e sociais, o describir as implicacións e efectos da globalización económica, o estudo das consecuencias do crecemento sobre o reparto da riqueza e medioambiente, o estudo do contexto internacional e a desigual distribución da riqueza, e o abordaxe da competencia cívica desde a comprensión das experiencias colectivas de organización e funcionamento do pasado e presente de as sociedades e a súa organización económica.

### **A competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

A capacidade de transformar as ideas en actos contribúe desde a materia de Economía coa inclusión da necesidade de tomar decisións e elixir, analizar e



interpretar obxectivos e funcións das empresas, estudar a eficiencia técnica e económica de casos suscitados, coñecemento de custos da empresa, representación e interpretación gráfica, estudo de factores que determinan a oferta e a demanda, valoración da formación como elemento clave para a obtención de emprego e mellora dos salarios, investigación e recoñecemento de ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego, valoración do papel do sistema financeiro como canalizar do aforro ao investimento, descrición dos efectos dos tipos de interese en Economía, análise de implicacións e efectos da globalización económica, e estudo das consecuencias do crecemento económico sobre o reparto da riqueza.

### **3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO**

#### **3.1 OBXECTIVOS DO BACHARELATO**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

### **3.2 OBXECTIVOS DO CURSO**

A materia de economía pola súa parte, debe contribuír concretamente a acadar os seguintes obxectivos:

1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada nos valores da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
2. Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular, a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
5. Dominar tanto na súa expresión oral e escrita, a lingua galega castelá.
6. Utilizar con solvencia e responsabilidade as TIC.
7. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.
8. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de Bachillerato elixida.
9. Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.
10. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
11. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **4. CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE**

### **4.1 Temporalización**

Por avaliacións

### **4.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Figuran para cada estándar de aprendizaxe e a súa consecución implica acadar o estándar

### **4.3 Procedimentos e instrumentos de avaliación**

*A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato establece que o profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación.*

Así mesmo, é necesario incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas,

sobre a participación dos compañeiros nas actividades de tipo colaborativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe.

En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

Os instrumentos de avaliación que se aplicarán durante o curso 2016-17 na materia de economía de 1º de bacharelato serán:

- Observación directa e sistemática do traballo (**OD**)
- Probas orais e escritas (**P**)
- Análise da produción dos alumnos (**Informes-I**): resumos, traballos, resolución de exercicios, exposicións

|  |
|--|
| <b>BLOQUE 1. ECONOMÍA E ESCASEZA. A ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA</b> |
|--|

**Obxectivos:** i), l), a), h).

**Contidos:**

**1. Escaseza, elección e asignación de recursos.**

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Estándares de aprendizaxe</b>   | <b>Instrumentos de avaliación</b> | <b>Competencias clave</b> | <b>Grao mínimo de consecución</b>                            | <b>Temporalización</b> |
|---|--|-----------------------------------|---------------------------|--|------------------------|
| Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas. | Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico. | OD,I                              | CAA<br>CMCCT              | Recoñece a necesidade de elixir entre distintas alternativas | 1ª Avaliación          |

**2. O custo de oportunidade**

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Estándares de aprendizaxe</b> | <b>Instrumentos de avaliación</b> | <b>Competencias clave</b> | <b>Grao mínimo de consecución</b> | <b>Temporalización</b> |
|--------------------------------|----------------------------------|-----------------------------------|---------------------------|-----------------------------------|------------------------|
|--------------------------------|----------------------------------|-----------------------------------|---------------------------|-----------------------------------|------------------------|

|  |   |      |              |  |               |
|--|---|------|--------------|--|---------------|
| Identificar la necesidad de elegir como principio que origina el coste de oportunidad. | Define e aplica a noción de custo de oportunidade como valor económico medible en cantidades monetarias | P, I | CAA<br>CMCCT | Define a noción de custo de oportunidade como valor medible en cantidades monetarias | 1ª avaliación |
|--|---|------|--------------|--|---------------|

3. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.
4. Principios na toma de decisións económicas.
5. Modelos económicos. Economía positiva e normativa.
6. Información económica: interpretación de datos e gráficos.

| Crterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe  | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización        |
|--|--|----------------------------|--------------------|----------------------------|------------------------|
| Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.. | Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.   | OD, P                      | CAA<br>CMCCT       | Total                      | 1ª, 2ª e 3ª Avaliación |
|  | Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos. | OD, P, I                   | CAA<br>CMCCT       | Total                      |                        |

7. Mecanismos de asignación de recursos.
8. Análise e comparación dos sistemas económicos.

| Crterios de avaliación  | Estándares de aprendizaxe  | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Grao mínimo de consecución  | Temporalización |
|---|--|----------------------------|--------------------|---|-----------------|
| Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha | Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos. | OD, P                      | CSC<br>CMCCT       | Identifica correctamente as respostas para cada sistema pero non as analiza | 1ª Avaliación   |

|   |  |       |            |                               |               |
|---|--|-------|------------|-------------------------------|---------------|
| valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas | Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise. | OD, I | CSC<br>CAA | Relaciona pero non interpreta | 1ª Avaliación |
|   | Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.  | OD, P | CAA<br>CSC | Compara sen exemplos          | 1ª Avaliación |

## BLOQUE 2. A ACTIVIDADE PRODUTIVA

**Obxectivos:** : i), l), m), p), a), h).

**Contidos:**

### 1. O proceso productivo e os factores de produción

| Craterios de avaliación                                       | Estándares de aprendizaxe   | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Grao mínimo de consecución  | Temporalización |
|---|---|----------------------------|--------------------|---|-----------------|
| Analizar as características principais do proceso productivo. | Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema productivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia. | OD, P, I                   | CAA<br>CCL<br>CSC  | Dá unha visión integral do proceso productivo da empresa recoñecendo os distintos factores de produción | 1ª avaliación   |

### 2. A división técnica do traballo, produtividade e interdependencia.

| Craterios de avaliación  | Estándares de aprendizaxe   | Instrumentos de avaliación | Competencias clave  | Grao mínimo de consecución                         | Temporalización |
|--|---|----------------------------|---------------------|--|-----------------|
| Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo. | Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global. | OD, P                      | CSC<br>CMCCT<br>CCL | Describe o proceso de división técnica do traballo | 1ª avaliación   |

|  |  |          |  |  |  |
|--|--|----------|--|--|--|
|  | Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | OD, P, I |  | Clasifica os factores produtivos e describe a produtividade, eficiencia e tecnoloxía pero non as relaciona |  |
|--|--|----------|--|--|--|

### 3. A globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción

| Crterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe   | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Grao mínimo de consecución  | Temporalización |
|--|---|----------------------------|--------------------|---|-----------------|
| Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas | Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional. | OD, I                      | CSIEE<br>CCL       | Explica pero non analiza as repercusións da actividade das empresas | 1ª avaliación   |

### 4. A empresa: obxectivos e funcións.

| Crterios de avaliación  | Estándares de aprendizaxe  | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización |
|---|--|----------------------------|--------------------|----------------------------|-----------------|
| Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade. | Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas. | P, OD                      | CSIEE<br>CAA       | Totalmente                 | 1ª avaliación   |
|   | Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.   | P, OD                      | CD<br>CCL          | Totalmente                 |                 |

### 5. Eficacia, eficiencia e produtividade.

### 6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica

| Crterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe  | Instrumentos de avaliación | Competencias clave | Grao mínimo de consecución                                 | Temporalización |
|--|--|----------------------------|--------------------|--|-----------------|
| Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica. | Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados. | P, OD                      | . CD<br>CMCCT      | Determina e interpreta polo menos nun caso dos plantexados | 1ª avaliación   |

## 7. Custos de produción: cálculo e análise de custos e beneficios.

